

(s8)

2ª MOSTRA  
DE CINEMA  
PERIFÉRICO

VENRES 3

2 3 4 5 xuño 2011  
A Coruña, Antigo Cárcere

## Espazo La Casa Encendida. En.Piezas 2011

O risco e a experimentación son os trazos característicos do Concurso de Curtametraxes En.Piezas de Caja Madrid. O programa que hoxe poderemos ver dá conta dos camiños creativos máis estimulantes do cine feito por mozos creadores españois. O certame componse de catro seccións competitivas: Ficción, en obras que abren novos camiños ao cine de ficción, Documental, que premia ás miradas máis singulares sobre a realidade, Recortad@s, un espazo para as obras de menos de 3 minutos, e Anime, sección na que se destaca o uso das técnicas de animación en convivencia coas solucións estéticas e o pulso narrativo.

O Espazo La Casa Encendida fainos chegar os premiados nas catro categorías de 2011, sesión na que veremos *A praia de Berlín*. *Cannon Beach* de Manuel Calvo Margallo e a sensorial *Tarde de verano*, de Los Hijos, obras que recibiron ex aequo o premo Gran Pieza; *Birdboy*, de Alberto Vázquez Rico, unha historia descarnada de doce estética, que foi Mejor Pieza.Anime; *Feriantes*, o retrato da vida de traballadores de feira de Victor Moreno Rodríguez, Mejor Pieza.doc; a inquietante *The Last Passenger*, que lle valeu a Oscar Carrasco Royal o premio ao Mellor Recortad@ e, finalmente, o gañador a Mejor Pieza.Ficción, que foi Chema García Ibarra pola súa obra de "ciencia ficción existencialista" *Protopartículas*, obra que mestura humor, estrañeza e drama que xa fose seleccionada no Festival de Sundance.

Hoxe ás 17:00 h na Sala (8), Antigo Cárcere.

## GUY SHERWIN: COMO TANGUER UN PROXECTOR

O artista inglés fálanos sobre o seu traballo, que hoxe poderemos ver en dúas sesións: unha centrada nas súas pezas curtas, e outra na súa obra performativa.

### A profundidade temporal

Guy Sherwin establece un fascinante xogo co tempo en performances como *Man with Mirror* ou *Paper Landscapes*, nas que o seu "eu" pasado e presente comunícanse. Sobre o proceso de creación destas obras, Sherwin apunta que "os traballos certamente evolucionaron desde que os fixen, ou polo menos eu o fixen (!). Creo que foi Yoko Ono quen dixo que se enterras algo e o desenterras 30 anos máis tarde, vólvese interesante. Cando fixen *Man with Mirror* e *Paper Landscape* a idea central viraba ao redor da idea de ilusión vs. realidade, ou espazo exterior vs. espazo interior (ou proxección). Ambas performances quedaron de lado desde principios dos 80, ata que Mark Webber invitoume a repetilas nos 2000. Para entón, envellecera e creo que iso agora se converteu no interese central dos films! Esa non era a intención cando os fixen; useime a min mesmo como performer simplemente porque estaba dispoñible". A perspectiva temporal xogou, ademais, un importante papel á hora de enriquecer a súa obra, como no caso da súa peza *Views from Home*, filmada nos anos 80 e montada no 2005: "gozo revisitando filmes e traballando algo así como unha "profundidade temporal" neles".

### A música do 16mm

Un dos campos de experimentación de Sherwin, en compañía con Lynn Loo, foi o das posibilidades sonoras da película e o proxector. Sobre iso Sherwin apunta "nós intentamos romper as barreiras do que é posible con estas tecnoloxías analóxicas (de película), traballando de moitos xeitos pouco ortodoxos, en parte coa intención de achegar a proxección en 16mm a unha actuación musical en vivo -efectivamente, "tocamos" os proxectores durante as performances. usei o son óptico de diversos xeitos, rabuñando a pista de son ou pegándolle formas, tamén usando a cámara para gravar imaxes que se redirixen ao cabezal



de son do proxector... A improvisación co son óptico é posible dando entrada a sons, polo xeral de máis dun proxector, a unha mesturadora de son, e cambiando a mestura e o carácter do son en resposta ao ambiente, ao espazo e ás imaxes na película. A miúdo usamos loops en combinacións cambiantes".

### Do cine expandido e o azar

Sherwin, que se formou como pintor, entrou ao cine directamente polo camiño performativo. "Durante o meu período formativo, asistín a moitas proxeccións na London Filme-Makers Cooperative (coa que logo traballei). Artistas como Malcom LeGrice e Annabel Nicolson xa estaban traballando con cine e performances, así que foi moi natural para o meu empezar a desenvolver as miñas propias ideas usando estas formas experimentais". Un cine que é un "work in progress" que se

alimenta, tamén, das vicisitudes que o rodean: "o cine performativo ou "Live Cinema" implica moitos ensaios, aínda que non buscamos un resultado minuciosamente pulido, de modo que non ensaiamos moito, isó o xusto! Sempre estamos abertos a novas posibilidades, ata as cousas que saen mal se poden converter en cousas a favor, iserendipia! Traballar con músicos que non viron o traballo previamente é unha forma de mantelo fresco e pode levar o traballo cara a novas direccións".

### Sesión 1

Hoxe ás 17:15 h na Sala (S).  
Antigo Cárcere

### Sesión 2 (Performance)

Hoxe ás 22:00 h no Frontón.  
Antigo Cárcere

### IMPRESINDIBLES DE HOXE VENRES 3

Proxección e encontro con **Nathaniel Dorsky**. No ciclo "O ceo na Terra". Sesión 3 - *Música cíclica: tres variacións e un tema*. Ás 20:45 no CGAI.

### Left Hand Rotation. Xogo/acción. *Trucador*.

Ás 19:15 na Sala (8) do Antigo Cárcere.

Non esquezas visitar...

### Left Hand Rotation. Atención: Spoiler. Instalación.

Do 2 ao 5 de xuño no Antigo Cárcere.

# ROBERT BEAVERS. ARQUITECTURA, ESPÍRITO E PENSAMENTO

A obra de Robert Beavers vén directamente da fascinación polo proceso da creación artística ao longo da historia, e en concreto pola fascinación ante como o ritmo, a montaxe, a luz e a sombras do cine traducen dalgunha forma o que concibe o espírito, marabillado ante o misterio dun obturador que, ao virar, deixa pasar a luz cara á película imprimindo o pensamento sobre o celuloide.

Autodidacta, Beavers abandonou a finais dos 60 o seu Massachussets natal, primeiro para ir a Nova York, onde desenvolveu diversos traballos (entre eles nun laboratorio de cine), e onde entraría en contacto co cine experimental e con quen sería o seu compañeiro e mentor, o cineasta underground Gregory Markopoulos. Con Markopoulos partiu cara Europa, onde viviría durante anos desenvolvendo, aínda en contra da precariedade, un corpus de películas autónomo e esencial. Beavers e Markopoulos mantivéronse, así, moitos anos remisos a mostrar os seus films, que entre os anos 1980 e 1986 só se podían ver en proxeccións anuais no Temenos, cerca de Lyssaraia en Arcadia, Grecia. Tras a morte de Markopoulos en 1992, Beavers crea Temenos Inc, fundación que arquiva e administra



## O ciclo "O ceo na Terra" ofrece unha síntese do traballo do cineasta estadounidense

as películas creadas por ambos. Escolle así, de forma autónoma, as contadas e selectas proxeccións da súa obra.

A reflexión sobre a arquitectura do cine e a historia da arte europea, e a conexión coa súa propia existencia guiaron a Beavers desde que, con tan só 21 anos, en 1971, fixese *From the Notebook of...*, un filme rodado en Florencia, que parte dos cadernos de notas de Leonardo e do ensaio de Valéry para establecer paralelismos entre o tratamento do espazo no Renacemento e as imaxes en mo-

vemento, nunha película que á súa vez é un caderno de notas. Este é precisamente un dos aspectos máis rechamantes do traballo de Beavers, que volveu a montar as súas primeiras películas recentemente: unhas obras sempre abertas, suxeitas a cambios, faceta que revela a calidade do cine como ferramenta para pensar o mundo. Unha formulación que comparten obras como *Ruskin*. A fascinación coa perspectiva, o mundo natural, a literatura e a estética nunha obra, a de Beavers, na que o estruturalismo e a lírica atópanse.

A utilización máis concreta da arte atopámola en obras como *The Stoas* ou *The Suppliant*, na que a propia solidez das obras, o balance das cores e as texturas son protagonistas. Exploracións estruturais e emocionais, que teñen continuidade na propia vida con obras como *Pitcher of Colored Light* (escollida como a segunda mellor película de vangarda da década de 2000 por revista *Film Comment*), na que Beavers filma a casa da súa nai e o seu xardín. As sombras dos espazos e as súas diagonais evocan tamén as calidades da arte clásica, segundo Beavers, "a súa calidade especial abre unha pasaxe ao subxectivo; unha voz dentro da película fala da memoria. Experimentamos un lugar a través da perspectiva de onde vimos e escoitamos outra voz a través da nosa propia acústica. O sentido de lugar nunca é separable do momento". Paisaxes internas, que viven no interior do mundo material, e que saen á luz a través do cinematógrafo.

### Robert Beavers

Sesión 2 - Na procura  
Hoxe ás 18:00 h no CGAI.

## María Ruido. A memoria interior

O traballo de María Ruido é esencial, non só como arte, senón como ferramenta para manterse alerta ante este mercantilizado mundo no que vivimos. Nesta instalación, Ruido retoma o tema da loita por construír unha memoria ante a historia oficial. Así explica, "as imaxes, como o seu nome indica, constrúen "imaxinario" e os media son un instrumento difícil de contradicir nesta elaboración. Por outra banda, eu son historiadora de formación e pensei moitas veces sobre como se nos conta a historia e cales son os mecanismos dese relato. Se antes os relatos perduraban durante séculos, agora a deglución das narrativas históricas é brutalmente rápida, acorde co noso tempo e coas necesidades mediáticas. Pero tamén temos mecanismos de intervención que non existían noutras épocas e formas de xeración de autorrepresentación; neste sentido, o vídeo é un instrumento moi útil".

Un instrumento que Ruido abraza nunha obra inqueda e moi necesaria nesta era, reinado da tecnocracia:

"probablemente, como xa dicía Dickens, vivimos "no mellor dos tempos e no peor dos tempos". Creo que vivimos nunha especie de "fascismo de baixa intensidade". Igual que xa non son necesarias as ditaduras como sistema (polo menos no contexto da nosa cultura e do chamado "primeiro mundo"), porque as democracias foron convenientemente domesticadas. Podemos combinar un elevado grao de liberdades persoais coa depauperación absoluta da nosa vida porque o traballo absorbeuno todo. Estamos demasiado cansas e demasiado pendentes do día a día como para establecer compromisos duradeiros". Palabras que dan fe da importancia dunha obra comprometida coa realidade que nos tocou vivir.

*Declaracións extraídas da entrevista "María Ruido. Fuera de contexto", de Carolina do Olmo para Ladinamo.*

Do 2 ao 5 de xuño no Antigo Cárcere.

## ADIANTO DE PROGRAMACIÓN DE MAÑÁ SÁBADO 4

### Antigo Cárcere

12:00 h\_Presentación novos produtos KODAK. Super 8, 16 e 35 mm

12:30 h\_Presentación Super 8 Contemporáneo. "Imaxes rodadas, películas roubadas e son panayonqui"

17:00 h\_Super 8 Contemporáneo. Sesión 1 - Super 8 music clips. Sala (8)

17:15 h\_Arquivos históricos. Cine primitivo en España e Portugal. 1896-1897. Coa presenza de Alfonso del Amo de Filmoteca Española. Sala (S)

19:00\_0 ceo na Terra. Zoe Beloff. Sesión 1 - Mediumnidad e estados alterados Sala (S). (coa presenza da autora)

19:15\_Super 8 Contemporáneo. Sesión 2. Reciclaxes e música. Sala (8)

22:00 h\_Super 8 Contemporáneo. Dúo Cobra live show. Frontón

### CGAI

18:00 h\_0 ceo na Terra. Nathaniel Dorsky. Sesión 4 - Meditación. (coa presenza do autor)

### Macuf

Observatorio. Obradoiro Arquivos código aberto/ arquivos en tempo real

+ info: [www.s8cinema.com](http://www.s8cinema.com)